

CADERNO DE BITÁCORA DA LXXVIII SINJLADURA DA FESTA DA DORNA

Actos a celebrar co jallo do LXXVIII (satenta e oito de
Nuestro Señor) aniversario da botadura da dorna "Virgen
del Carmen", axeitándonos ó expresado no noso caderno
de bitácora:



VENRES 17

*Día adicado aos **Corsarios do Barbansa**, por pesados, por cansinos, por empeñados, por carjantes, por jritóns, por fuciños, por Cacheiras... e por janar por quinta ves a Copa da Rel. Eles son o claro exemplo de que a reinsertión social é perfectamente posible. A base de creatividade, saber faser, arrimar o ombro e un liderasjo férreo, conseguiron ser a primeira peña da historia que queda coa Copa da Rel. Poñemos esta dedicatoria porque nos mandou Nespereira, pero tamén porque o meresen.*

Ás **09:59** h o chupiguay e dabuti párroco Don Alfonso prosederá a dar satentaeito badaladas (setenta y ocho para los jodechinchos y un feixe de ellas para los de la Puebla), que marcarán o comeso desta nova sinjladura. Como sijamos así, imos ter que chamar a un jrupo de adollessentes para salsanicar a corda da campana tantas veses, que con tanta sinjladura aljún xa desarrollou codo de tenista.



FACHO DORNEIRO

A eso das **11:11:11** h, nanosejundo arriba, nanosejundo abaixo, unha comitiva capitaneada polos Corsarios da Barbansa sirculará polas rúas da Novena portando o **FACHO DORNEIRO**. Os viandantes que coinsidan coa ruta poderán escoitar cánticos maorís adaptados á idiosincrasia Corsaria, onde o sírculo sercano do patrón Nespereira entonará unha haka (para los jodechinchos: Danza tradicional maorí usada para asustar a los enemigos en tiempos de guerra), no cal lusirán tatuaxes tribales da época na que ter un Sitróen Saxo tuneado era un símbolo de estatus máis potente ca un Rolex.

Durante o percorrido habilitarase unha sona silenciosa para que aquelas persoas con diversas capacidades poidan disfrutar da festa sin ter que ajuantar a Nespereira jritando “Ganamos la copa Bro, ya está, ya es nuestra”.

Tamén contaremos co apoio da Legión, que poñerá á cabra a desfilas canda o facho, e serán os encarrjados de escoltar a comitiva ao seu paso por certa sona do Malecón.

Orjanisan: Nécoramantes e Corsarios do Barbansa.



Cando o Sol esté serca do sénit (ás **12:28** h), os máis distinguidos locais de hostalaría da Sentenaria sacarán da cosiña as viandas que presentarán na **XII RUTA DE TAPAS ESTRELLA MIJELÍN**. Os comensales poderán disfrutar dun surtido de viandas mariñeiras levadas ata a súa máxima expresión, tales coma un tartar de lura con redución de viño barrantes, un arrós caldoso reinterpretado con restos nobles da tapa do día anterior, ou un milfolas de berberechos capturados en noites sen Lúa.

Sirculan rumores por Ribeira adiante de que Samantha a do másterchéf está retenida contra a súa voluntá na cosiña do Jolimbreo a faser experimentos con nitróxeno líquido e ajar-ajar, durmindo no almasén, e alimentándose solo a base de roscas.

Nota do Chef: estas delicatessen poden armarche a de San Quintín na barrija, abricho o terseiro ollo ou incluso pecharche un pouco os dous primeiros, así que mellor revisade ben as vosas intolerancias alimentarias antes de darlle ao dente.

Orjanisan: Tabeiróns Carallud@s



A partir das **16:06** h, o incorruptible, insobornable, impenetrable, indiscutible, interino, insalubre, impávido e impepinable Xurado Dorneiro comensará a inspección e calificación da decoración feita polas peñas na **XXXV EDICIÓN DO ENJALANAMENTO DAS FANEQUEIRAS**.

O papel maché e o mejunje Art Attack mesclarase cos vapores emitidos polo pejamento e as pinturas acrílicas, que deixarán a aljún máis mareado ca un monajillo vendo Tele Salnés ás dúas da mañán. As peñas dorneiras traerán ao melloriño da carreira de Maxisterio para que pinten, coloreen e pejen macarróns nun desesperado intento de causar emoción aljunha nas almas vasías do Xurado Dorneiro. Non é unha tarefa fásil, xa que a maioría do xurado está conformado por autónomos e fai moitos trimestres que perderon a emoción pola vida.

Este é o único día do ano no cal é posible visitar o Caribe, un plató de televisión, un aeroporto, unha ijlesia, o ano mil novesentos quinse e a discoteca Búmeran sen sequera poñer unha pesuña fóra da Novena. Aproveitade, porque a creatividade que hai en Ribeira está toda repartida entre este día, e en buscar novas formas de aparcas o coche sin que che rompan a ventanilla.

Orjanisan: Nécoramantes



Ás **21:58** h, coa chejada da oscuridá, a Porta do Sol (plasa da ijlesia para os OG) iluminarase pola chama eterna purificadora da **MACROQUEIMADA DORNEIRA**.

Un jrupu de monxes de clausura traídos desde os máis recónditos lujares da cristiandá prepararán un brebaxe espirituoso que revitalizará corpo e alma, e outorjaralle aos dorneiros e dorneiras unha serie de superpoderes que xa lle justaría ao Panorámix ese.

Os monxes sejiarán unha reseta de alto secreto jardada durante séculos baixo un voto de silencio que solo poden romper unha ves ao ano para resitar un conxuro en perfecto arameo que escorrentará aos malos espíritus e traerá prosperidá nesta Sinjladura. O conxuro di aljo así como:

Aseréjé, ja, déjé, Dejebe tu dejebere seibiunouva
Majavi an de bugui an de buididipi
Aseréjé, ja, déjé, Dejebe tu dejebere seibiunouva
Majavi an de bugui an de buididipi
Aseréjé, ja, déjé, Dejebe tu dejebere seibiunouva
Majavi an de bugui an de buididipi

Orjanisan: As lampreas máis preas.

Ás **22:32** h tamén na Plasa da Ijlesia (Porta do Sol para Jujel) terá lugar a **SERIMONIA DE INISIASIÓN**, que dará ofisialmente o pistoletaso de saída á LXXVIII Sinjladura.

As peñas dorneiras que estén activas este ano poderán pasar a recoller as súas bandeiras conmemorativas desta edición, así como a escoitar o PREJÓN que correrá a carjo de **Josefa Otero**, primeira presidenta da Real e Ilustre Cofradía da Dorna que nos deleitará coa súa jrasía e salero típicas do Norte.

PUNTO VIOLETA

Desde as 22:59 h ata as 03:03 h na sona de Bandourrí (declarada Patimonio da Humanidá pola UNESCO debido ao seu alto interés cultural) haberá habilitado un **PUNTO VIOLETA**, onde se prestará apoio, axuda e atención a quen o neseite para poder faser da Dorna unha festa máis secura.



A partir das **23:01** h, e ata que o corpo ajuante (ou ata o horario de peche establecido polas autoridades competentes) terá lugar a **XI EDISIÓN DO DÁNSIN IN DE SITY**, na cal a xentiña poderá deixarse poseer polo ritmo rajatanja, sacar os pasos prohibidos e faser uso da prótesis de cadera con aleación de titanio e cobalto. Saca papel e lápis e anota este croquis das sonas desijnadas de alto impacto musical nas que se repartirán desibelios a tutiplén, e se rebentarán máis cristales ca nun aparcamento ao aire libre no sentro de Ribeira:

Na **Plasa de Pontevedra**, episentro ribeirense da pulcritú, limpeza e respecto ao prójimo estará **DJ Tito Maverick** esjrimindo jafa lavada con Ariel e dándolle ao botón de “Play” a unha lista de Espotifái chamada “Sesión verano 26”, que fará que a sona colindante á fábrica de Cerqueira paresa unha rave nunha favela de Rio de Janeiro.

Unhas horas máis tarde arrancará a Sesión Jolfa cun pouco de tecno (Para los de la Puebla: género musical que suena tukitú tukitú tukitútutú) na festa a mans de **Ivan Rbeira**. Este experimento social estará condisionado ao comportamento que exhiba o público. Para que nos entendan os da xeración Seta: Meu tenéis que portaros o nos cae un ban épico y el año que viene nos quedamos sin techno, full cancelado, literalmente se acabó la party.

Na **Plasa da Ijlesia** haberá un sermón extraordinario que correrá a carjo de **DJ Landeira** en sustitución de DJ Nuestro Señoríño, que está ocupado estando en todos lados. Landeira poñerá unha variada e curada selección de temas espesíficamente deseñada para alterar os neurotrasmisores de serotonina e dopamina daquelas persoas que lle chaman “salir de marcha” a ir de festa, beben cubatas de JB e aínda din os presios das cousas en Pesetas.

No **Triánjulo das Bermudas de Ribeira**, onde converxen a Rúa Alcalá Galiano e a Rúa Graviña (Para os veteranos de barra: Entre o Ventos e a Recoveira), estará situado en cabina **DJ CT** (Compro vocal y resuelvo), fasendo disfrutar aos oíntes de mesclas que incluírán as mellores cansións atemporales que puido descargar co JDownloader, coma Mi Carro, Danza_Kuduro_(VIDEOCLIP OFICIAL)_2016.mp3 ou unha cansión chamada “Pista 04” dun tal “Artista Desconocido” que nin el mesmo sabe que cansión é, pero viña incluída cando descarjou a última película dos Venjadores.

Na **plasa do consello**, xa que se pode volver a utilizar, estará repartindo ritmos e ondas sonoras **MATEO ABELLEIRA**, finalizando no Rock and Dorna o seu tour polas 562 festas da Xuventude de tódalas parroquias pertensentes á Novena. Este show atraerá a toda a chavalada que non é capas de escribir unha frase sen poñer un emoticono ou un sticker. Podemos disir o que queiramos deles que total nunca van ler este programa porque non saben ler cousas en papel.

Ajasapado entre dúas paredes, unha columna e a porta do baño dos homes, **DJ Anxo Sobrido** estará pinchando na **Taberna de Horse Luis** unha exquisita selección do Top 50 España. Mitá ferrolano mitá canario, nunca sabes si che vai faser un saludo militar ou entrar en erupsión e arramblar con catro hoteles incleses.

SÁBADO 18

*Día adicado a **Visente** (o de Digar, non o político) porque é un Dorneiro de Pró, DJ clandestino dos Pinto Pinto Jorjorito, que co seu super altavoz sempre amenisa o remate da cansión de tasca montando unha festa que nindiós na Plasa de Teruel (a do Cocoluche para os da casa). Pero que ese sentimento Dorneiro non lle impediú votar en contra do noso festivo local. Pola presente retíraselle o título de Dorneiro de Pró ata que as rás da lajuna de Carrejal críen pelexo ou que o festivo local volva onde tén que estar, o que primeiro sexa.*

A eso das **10:56** en plena resaca física e emocional do primeiro día de Dorna, e aínda cas lajañas nos ollos cheja a **VII EDICIÓN DO ORJULLO JAITEIRO** que encherá de música e jlamur todas as rúas e plasas da novena, estén en construción ou noviñas a estrenar.

Ide collendo forsas, untade ben de pomada nas rosaduras e botade réfles nas articulacións para sejiŕlle o ritmo de toda esta jaiteirada. Colle o tique vello da compra que tes no bolsillo do pantalón, un boli bic rascado cas explicacións da sélula eucariota e toma nota dos jrupos que van vir a esjinsar os tímpanos dos transeúntes:

- **Borja & Cía:** Querían chamarse Borja S.A. pero non lles alcansou para xuntar os 60.000€ de capital social inisial.
- **Os Liantes:** O nome é de cando andaban antes a queimar contenedores, pero agora o único que lán é o Bruón Folk Fest.
- **Suasebe:** Din por aí que son capases de tocar unha muiñeira fusionada de cumbia.
- **Enxebres de San Lázaro:** Son catro pero paresen dusia e media.
- **Tahúme:** Capachos de desibelios carjados de bombo.
- **Laghareu:** Con estes mellor non meterse que teñen familia en Bandourrio.
- **Trécola:** Veñen da Puebla a tender lasos a ritmo de Why Can't We Be Friends?
- **Riparia:** Nombre da primeira declinación do latín sejúñ uns apuntes da academia Tonucci.
- **Río de Anxo:** Tocan a ritmo de motor Barreiros ca culata retificada.
- **Banda de gaitas estivada de Calo:** Son tantos que enchen mais autobuses que Gelucha Deán nunha excursion a Fátima.
- **Os Festas:** Sejimos pensando que lle quedou a cabeza a ferver co nome.

Orjanisan: Berberechos Asasinos, Tabeiróns Carallud@s, DeRape Mental.

As **11:33** h nos cristalinos mares do Caribe Jallejo (as ajuas da Ría de Arousa), terá lugar a **IX XUNTANSA DE EMBARCASIÓNS TRADICIONAIS**. Visita obliigatoria de calquera embarcación, buque, balandro, nave ou navío con veteranía que se presie.

Despois dos Encontros do ano pasado xa temos jarantia de éxito para a xuntansa... pero todos sabemos que non hai nada coma “o da casa”.

Asi que non te esquemas de otear o horizonte para deleitarte co noso patrimonio marítimo e sentirte orxullos@ das nosas orixes, do que temos e do que mantemos. AS DORNAS!!!

Orjanisan: Escola de Vela da R.eI.Cofradía da Dorna.


Xa probaches o tartar de muxo do muelle do jas?, chupástelos dedos ó rematar os jusanitos en salsa de vieira? ou acaso non che cautivou o cheiro do lomiño de boja curado?

Empesando ás **12:28** e ata rematar existencias, será a última oportunidade que terás de deleitarte cos mais sinxulares, peculiares, inusuales, e exsepsionales bocados desta **XII RUTA DE TAPAS ESTRELLA MIJELIN**.

Orjanisan: Tabeiróns Carallud@s

E un ano máis, chejando as **15:16** h, podes disfrutar do **JRAN FOLIÓN** na Plasa do Cocoluche (Plasa de Teruel para os que veñan mirando o jujel maps). Porque cando xa pensabas que o viras todo, cheja a foliada das foliadas. Aquí non hai autotune, nin playback, nin Paquirrinadas. Só riscada de pandeireta, roncón de jaita e aturuxo antolóxico.

Consentraránse as máis grandes selebridades da música folk de todo o hemisferio norte, que che farán entrar nun transe espiritual musical con palpitiacións no duodeno e pérdida total de verjonsa, para acabar bailando o máis puro estilo Boney M versión da aldea.



eclipse

Baiuca



No párkin de piche conosido como Coroso Arena Stadium ás **17:07** h terán lugar os **XXXIV XOJOS POPULARES DE TERRA**. Os e as participantes poderán sacarlle a cotra ás riñoneras cheas de canicas, sacar o pión do caixón dos calsetíns e ir expropiar unha corda ao muelle* para rememorar a súa infancia saltando no patio do Jrupo ou queimando contenedores no Jalasia.

Disiplinas deportivas e peñas orjanisadoras:

Xojos para nenos (Escachos)
Brilé (The Iirios Tremens)
Pano (Ratos da illa)
Pulsos (Lenjuados Envriajados)
Canicas (Os pintos joden quintos)
Tiratacos (Persebes coma puños)
Dominó (Cococha Nel)
Chapas (Atuna Nejra)
Tute (Feitos Polbo)
Pión (Rapantes)


Reasión en cadea (Entrepotas)
Carreira de sacos (Pescadillas con Ladillas)
Escoba (Pirañas van de cañasl)
Dorna Bike (As Luras andan duras)
Tirar da corda (Caracolas en sirolas)
Tuister (DeRape mental)
Jenka Dorneira (Rapantes)
Carretillas (Pescadillas con ladillas)
Desequilibrados (Cococha Nel)
Saltar á corda (Caracolas en sirolas)

**Recordade que esta publicación é de caracter literario, non literal. Esto sijnifica que nós non recomendamos nin animamos a ninguén a efectuar sustraccións de propiedá allea, e si o fasedes, polo menos intentade que non vos vexan.*

Orjanisan: Tocando Fondo, DeRape Mental e Límpame o Sable.

Às **17:16** h, ó ritmo do Baby Shark doo doo doo doo doo, do jallo Pepe, canta juejos, da vaca Lola, da tola e demais mamíferos teremos a sorte de deleitar os máis pequenos coa xa tradicional **MINIDISCO INFANTIL**.

Orjanisan: Os Pintos Joden Quintos





Ás **20:53** h o sonido das járjaras con mel e limón xuntarase ás probas de entonación harmónicas, inundando Ribeira dun popurrí de ruídos de ultratumba mesclado con cantos selestiais das peñas dorneiras en preparación do **XXXV SERTAMEN ITINERANTE DE CANSIÓN DE TASCA**.


Evento de explotación infantil por ecseleñsencia, os peñeiros/as terán aos seus fillos amarrados con correas cantando dun bar a outro ata as quinientas, todo para que as persoas encarxadas de dar a puntuación dijan “Pero mira que riquiños, os voy a poner un dies y daros unos chupa chus” ou un licor 43 con cacaolat, según a hora que sexa.

Os amijos isleños de Arehucas fixéronos unha oferta que non puidemos rechazar, e a partir deste ano e mentras arrien a xarda, serán declarados os padriños da cansión de tasca.

As peñas tamén farán un uso cuestionable daqueles músicos profesionais que intejren as súas filas, os cales se prexuntarán se as cañas que beban esa noite se poden desjrarar no IRPF.

Cantade con sentidiño e non armedes moito escándalo en sonas residenciais. Ademais, pensade que cada peña que pasa pola fanequeira en cuestión sempre acosa ao personal cantando “Queremos un des”.

Orjanisan: Tabeiróns Caralludos. (Se os vedes na final, xa sabedes a quen cantarlle Tonjo)



DOMINCO 19

*Día adicado a **Alex Vidal**, Marqués da Ameixida e repartidor profesional de hostias sin consajrar. Desde fai anos é un Dorneiro de Pró que colaborou durante anos a montar o cajastallo das carrilanas, partisipando nelas oitros tantos, que foi patrón dunha peña, e que ajora deixou paso ás novas xeracións de Pintos e Dorneiros. Tanto se retirou que incluso votou en contra do noso festivo local. Pola presente retíraselle o título de Dorneiro de Pró ata que o Sol saia por Corrubedo e se poña por Villajarsía, ou o festivo local volva onde debe estar, o que pase antes.*

A eso das **12:12** h o personal técnico altamente cualificado (a xente das peñas á que lle tocou apandar) prosederá á instalación, verificación e testeo das proteccións no circuito Mamoa Slope International Speedway (Para los de la Puebla: La cuesta de la Mámoa).

As proteccións consistirán nunha serie de barreiras TecPro homologadas para impactos de ata 150 Gs, intercaladas con barreiras destas brancas e rojas con ajuia por dentro, e aljunha que outra bala de palla para recordar os vellos tempos. Axudar na montaxe do circuíto dá puntos para a Copa da Rel, así que non vos asustedes si aparecen por alí os de Tocando Fondo en marabunta a mendijar puntos.

Ás **16:06** h, e despois de botar unha sesta destas que non sabes si estás mellor ou peor ca antes, cheja a hora da **EXPOSICIÓN DAS CARRILANAS** no Paddock de Rosalía de Castro. Ademais de poder apresiar os distintos bólidos, cacharros, bugas, matraquillos, artefactos e ataúdes rodantes, o público tamén poderá ver selebridades pasearse lusindo modelito e peinado ad hoc para a ocasión. Farán acto de presencia Sara Montiel, Audrey Hepburn, o Fary, Ayrton Senna ou Juan Manuel Fangio, entre outros.

Neste intre andarán os comisarios da FODASE (Federación Orjanisativa Dorneira de Automóviles, Secsión Especial) a revisar que os artefactos cumplimentan debidamente a normativa, é disir, que teñan catro rodas, que dúas delas xiren (opsional) e que teñan frenos (máis opsional aínda).

Entre as **17:37** e cando aos de Protesión Sivil lles apetes a, as peñas empesarán como poidan a **SUBIDA DAS CARRILANAS** ao alto da Mámoa, tiradas por coches diésel normativa Euro 3, empurradas a pan de millo por adollescentes pasados de testosterona, ou tiradas por cabalos roubados da Cuota. O público que se arrexunte ao larjo do circuíto poderá ter a oportunidade de ver por primeira e última ves aljunhas carrilanas, xa que é ben sabido que un porsentaje moi sijnificativo non pasa dos primeiros des metros.



PRINT

• IMPRENTA • SERIGRAFÍA • ROTULACIÓN •

www.neograficas.com

MEJILLONES
TRIMAR

Trifonía e Papeis, S.L.

CAR. 16-76.307.289

658 778 604

info@trimar.es



Basoñas mar



**CLÍNICA OFTALMOLÓGICA
DR. PARAFITA**

Teléfono 981 871777

info@clinicaparafita.com

www.clinicaparafita.com



CARRILANAS

Ás **18:33:21** exactas, un comisario de pista ondeará a bandeira verde que dará comeso ao **XXXV JRAN PRIX DE CARRILANAS**. As peñas tirarán aos seus máis ajerridos pilotos (ou aos que menos lles importaba romper unha perna) polo sircuíto abaixo, funcando en cada curva e deixando tras de sí un olor a valvulina, madeira en combustión hipóxica e camiseta sudada de fai tres días con trasas marróns no calsoncillo (tampouco os imos a xusjar por eso). Os bólidos terán que sortear como poidan a resién bautisada Rotonda das Carrilanas™ mentras o público grita cousas da talla de:

- Ténsalle!!!!!!!
- Arrepatínalo un poquitooo
- Fe en Díos e ferro a fondo you!!!!
- Mira la eme tré verdadera, que tiene lo cuatro escapes con la llanta cromá
- Daaaani ardeume o bemeuve, fai o embraje trínquili trínquili
- José Manuel! Tes que pajarme a manutención do rapás que xa vai alá medio mes e non vin un peso!

Na sona de meta estableserase un avansado sistema de cronometrasién que medirá o tempo exacto que tarda cada carrilana en faser o dessenso (si é que chejan abaixo) mediante un reló atómico que mide as ossilasións de isótopos de Cesio-135 para dar un tempo con presisión ata os nanosejundos. Aljunhas peñas comentaron que en realidá o tempo cronometrado non serve de nada e que a puntuasién vai sejún o bonitas que sexan as carrilanas, pero xa tiñamos o reló pedido e devolver as cousas por Amason pode ser un cristo.

Orjanisan: Arría o Jallo, Quenlla Dera, Masados coma Pulpos, Berberechos Asesinos, Caracolas en Xirolas, Rapantes, Pedra Pateira, Muxos de Escuadra, Ratos da Illa, Palancre Española, Os Pintos Joden Quintos, Lenjuados Embriajados, DeRape Mental, Polvos do Vilar, Os Corsarios do Barbansa, Mala Nécora, Tocando Fondo.

Ás **23:33** h arrexuntarase na Porta do Sol (plasa da Ijlesia para os de Mariola) a xente ombro con ombro e paxareta con pandeiro para asistir a unha experiencia estrasensorial que separará os corpos e almas dos felijreses e fariseos por ijual. O **VIDEOMÁPIN** será tremendo trócolo tan intenso que se repetirá ao día sejinte para as personas despistadas que non anden finas ese día. Din que dá ijual cantas veces o vexas, sempre se che fai distinto, coma un conserto de Leite con Jalletas.



CONCERTO

23:54:07 h. Na Porta do Sol (Plasa da Ijlesia pos felijreses) **CONSIERTASO** da man do RockAndDorna de **De Ninghures**, banda de novo folk jallejo que xa polo nome podemos dedusir de onde son, pero ímosllo deixar adiviñar aos Sherlock, Poirot, Clouseau, Conan, Pikachu e outros famosos detectives que andan siscados pola Novena. Desibelios a esjalla de novos ritmos prosedentes do larjo e ancho do mundo mundial con base tradicional Jalleja, que farán que a samba dorneira que corre polas veas dos presentes sala a relusir e partir máis lijamentos crusados que un partido entre o Artes e o Ajiño.

LUNS 20

*Día adicado aos arredor de 2200 **sosios, sosias e sosies** da Real e Ilustre Cofradía da Dorna. Jrasias a vós, é posible seji^r fasendo senas benéficas, bailes de jala, acsióⁿs sosiales, a Bos de Jalisia, manter as dornas da asosiasión, colaborar con nejosios locais, defender a nosa retranca... e por suposto, orjanisar a Festa máis rachada do Mundo. Jrasias por tanto, e perdón por tan pouco.*



Ás **16:09** h queda terminanemente prohibido durmir a sesta, porque a partir desa hora empesarán os **XXXIV XOJOS DE MAR DORNEIROS**. O cheiro a salitre, jasoil, majas de peixe e patente resesa embriaxarán as narises das persoas que se achejen a ver @s Dorneir@s realizar un variado surtido de probas que desafiarán a súa capacidade de saltar, nadar, busear e ajuantar as janas de jomitar.

Disiplinas deportivas e peñas orjanisadoras:

- Pesca do Muxo radiactivo (Feitos polbo)
- Pesca do Muxo radiactivo infantil (DeRape Mental e Corsarios do Barbansa)
- Achikeitor (Cajaboi Island) cando lle apeseta a Marselo
- Achikeitor infantil (DeRape Mental e Corsarios do Barbansa)
- Isa-la Candorca (Rape's e Nécoras máis pécoras)
- Lansamento de Risón (Rape's e Nécoras máis pécoras)
- Poñelo timón (Berberechos Asasinos)
- Pasar pola quilla (Berberechos asasinos e Cabuxos de Mar, en memoria do Capitán Estachas e María)
- Saltos dende o paredón (KAO Bois)
- Pau ensebado (Tocando Fondo)

Orjanisan: DeRape Mental.



Coma se de unha proba cativa de bebida enerxética se tratase, Ícaro, naves, velutinas, jolondrinas, Boeings 737, Pejaso, O Riaso... e o máis mítico elenco de personaxes e artefactos voadores daranse sita as **19:06** h para lansarse ó mar nun intento nefasto e ridículo de voar para chejar ao oitro lado da ría partisipando na **XXXIV EDISIÓⁿ DO J^rAN PREMIO ÍCARO DE VOO SEN MOTOR**.

Xa lles justaría a eses de Res Bul (bebida con burbujas, con sabor a medisina, e que che pon coma un malote un sábado pola noite na Tonos) ter o intrínjulis, creatividade e paixón da que fan jala os artefactos voadores dorneiros. Eles poderán comprar un equipo de Fórmula Un, equipos de fubito e todo o que queiran, pero nunca serán capases de comprar a Retranca.

Ás **23:34** h na Porta do Sol (a estas alturas deberíades saber que é a Plasa da Igrexa) terá lugar a repetición do **VIDEO MÁPIN DORNEIRO**, por si acaso aljén se perdeu a primeira emisión, ou simplemente desexa volver a velo. A proxeción será exactamente a mesma, ca exsepción de que se aplicará un filtro codificado para aquelas persoas que sintan nostalgia do Canal + nos 90 ás tres da mañán



Ás **23:59** h no Patrona Estéich na plasa de Susocristo Jarsía Rock and Dorna presenta a **EXTREMODORNA**.

Temos claro que se Robe Iniesta fose de Artes, sería un Dorneiro de PróTM, así que xa vos podedes imaxinar a tristesa que nos inundou ao saber do seu pasamento. Nunca puidemos traelo a tocar no Palco de Pedra, nin a dar o prexón na plasa de Jesucristo Jarsía (JJ para los amigos). Aljunhas persoas convértense en lenda despois de morrer, pero el xa o foi tamén en vida.

É por eso e por todo máis polo que este ano desidimos reunir á flor e nata musical da Novena. Unha espedie de Venjadores, de Dream Team, de Olimpo daqueles músicos que tiñan o suficiente tempo libre para ir ensaiar e estaban dispostos a faselo sin cobrar. Este jrupo efímero creado especialmente para a ocasión dará un concerto versionando cancións de Extremoduro e do mesmo Robe Iniesta, rendindo un tributo ao que probablemente fose o maior rockeiro da historia de España.



17-24 XULLO 2026

ROCKAWOODORNA

RIBEIRA

LAMATUMBÁ · MUYAYO RIF.

DAKIDARRÍA · REALITY.

COCCOLEXA · NEVERLOURA.

DI MATREK · HARIELAS · HAINAS

DJ MATEO • MADALLA • NAINA • EXTREMODORNA • DE NINGHURES • TITO MAVERICK • DJ IVAN RIBEIRA • DJ CT • DJ LANDEIRA



Deputación
DA CORUÑA



Concello
de Ribeira



desde 1989

MARTES 21

*Día adicado ao **GAEM** (Grupo de Atención a Emerxencias Municipais) por todo o apoio que nos prestan ano tras ano, axudando a faser a Festa máis secura para todos e todas. A aljún había que reconoserlle un plus de pelijrosidá por desempeñar a súa labor en sitios de alto impacto coma a curva antes da meta das carrilanas, ou ir pechando o Top Secret vendo o outfit do patrón dos Persebes Epilépticos.*



A partir das **16:02** h nas inmediacións do resort acuático da Area Secada poderás disfrutar dos ritmos chill guay surf no bad vibes no **ROCK AND DORNA DE BATEA** (Para los jodechinchos: concierto playero que se desarrolla a bordo de una plataforma flotante en el mar). Este ano o primeiro pase correrá a cargo de HABELAS HAILAS que deleitarán aos presentes cunha sesión de riffs (musicais, non os de Abd el Krim), acordes, estrofas, arpexios, pizzicatos e semifusas para todo aquel que esté a tomar o Sol ou a chuvia, sejún o que ditaminen as nubes.

O seundo pase estará capitaneado por **DJ MATREK**, que este ano vén máis preparado ca nunca. Agora que sacou o PER e o CELGA 4 xa ten tódalas lisensias nesarias para ser o patrón da sesión de acuallín (Aquagym para os de Palmeira). Flotadores con forma de sisne, colchonetas parcheadas e manjitos con olor a plástico estrenado encherán a ensenada do Touro nunha sesión electrónica vespertina que provocará diversión e cortes de dixestión a partes ijuales.

Recordade que as inmediacións da batea son unha sona de exclusión marítima xestionada pola Rel Cofradía da Dorna. Todo aquel que traspase os límites establecidos e se acheje á batea nadando será capturado/a, xusado/a por piratería e condenado/a a pasar pola quilla da Dorna Nai ou a ser desterrado/a na Illa de Rúa durante diesinueve días y quinientas noites.

Ahora en castellano para que nos entiendan los jodechinchos y los nacidos después del 2006: Acercarse a la batea puede resultar peligroso para las personas, así como ocasionar daños en el equipo musical, cuyo coste correrá a cargo de la persona causante o de sus papís, en caso de que la persona sea menor de edad.





Ás **17:11** h, da man de GECKOS SURF SCHOOL, terá lugar a nonseicantosa edición do **TRINAUTLÓN** (en realidade é a décima, pero nunca se sabe). As peñas dorneiras dispoñerán unha vez máis da élite físico-deportiva entre as súas filas para partisipar nunha competición made in Ribeira que aspira a ser deporte olímpico en 2044, sendo aljo realistas. Nesta competición, os e as contrincantes terán que remar nunha táboa de surf en solitario, para loxo darlle o relevo a dúas persoas nun kayak, e finalmente coronar a colluntura cun lanse de ida e volta nun paddle surf (para os do Jalsia: Unha tabla de surf jrande na que vas de pé remando). Vinde a velo porque vai haber máis caídas e planchasos que na proba dos troncos do Jran Prix.

Orjanisan: DeRape Mental.

As **18:37** h Como si do contenedor perdido do buque Ever Laurel se tratase, verteremos nos mares da secada mais de sete dúas e media de patiños de joma para dar paso á **PESCA DO PARRULO**. Os máis ajerridos atletas do Clú de natasión estiveron practicando unha chea de larjos na Fieiteira baixo as ordes de Brión para ver quen é capas de meter máis patiños na brajeta do bañador.

Orjanisan: Rapantes



As **21:17** No Malecón cheja a **JRAN FINAL do XXXV SERTAMEN ITINERANTE DE CANSIÓN DE TASCA**, aquí as voses máis selestiales do panorama dorneiro mediranse nunha final máis seria ca Eurovisión, con máis polémica e xeopolítica, pero co mesmo nivel artístico que o karaoke do Bar da Rubia.

O jurado sobornable, ó máis puro estilo PBBI, jarantisa unha puntuación totalmente chea de polémica e que solo vai ajradar ó janador, lea de traisións, politiqueos, cálculos numéricos da puntuación da Copa da R.e.I. nin mesquinidá malévola contra aljún colectivo, peña ou persoa (na medida do posible). Recomendase traer un soborno para o público e que así se lle escoite animar a aljén máis aparte das súas peñas.



23:57 h. No Malecón, repartición de capachos de desibelios do Rockandorna a carjo da **ORQUESTA NEVERLOURA** ("Nunca Rubia") para os que tendes o Duolinjo no taléfono)

A única formasiòn do mundo mundial que podería tocar nun festival punk e convertilo na sesiòn vermú da festa da Já...e viseversa.

Unha actuasiòn das de jastar pista e suela de sapato, de faser pojos e de bailar ajarrado arrimando a sebolleta e a pepitila, de faser bailar xuntos a Visente Mariño e a Fran colomer, e de devolvernos ás tardes de comer bocadillos de Nosilla vendo a Son Joku atravesar a Pícolo (o pai, o malo) pola barrija.



MÉRCORES

22

*Día adicado ao **Ayuntamiento de la Puebla del Caramiñal**, pola súa fallida candidatura de partisipar no Gran Prix. Sentimos moito que o voso enésimo intento de orjanisar/partisipar nunha serie de probas que se paresan á Dorna non saíse como esperabades. Se vos portades ben, podemos deixarvos partisipar nos Xojos Dorneiros o día 24, sempre e cando as persoas que partisipen sexan capaces de pronunsiar correctamente “Sanxenxo”, e poidan desir a tabla do 7 sen caxarse enriba.*

En Vijo teñen o Marisquiño En Porto do Son o Rompetiño. E na Dorna, presentamos o **JALAFATIÑO**: o Día adicado á cultura urbana, a de desir “bro”, ir cos pantalóns polos xeonllos e rimar campeón con competición.

O JALAFATIÑO contará con artistas e grupos chegados de todas as partes de Jalisia, de España (Península, Baleares e Canarias) e do estranxeiro (La Puebla, a República Independente de Palmeira e a República Insular da Illa de Arousa tamén incluídas)

O JALAFATIÑO nase coma un un acto de justisia histórica, cuasi divina, para honrar ó JALAFATO, home, mito, un dos grandes jijó-peros da Novena, pioneiro do flow bacano, filósofo do asfalto, archirrival de Emilio Vendaval, peixeiro jourmet.....e fijura clave na historia ribeirense á altura de Ventoso, Fran o do Depor, Carrejal, Colomer ou o mismísimo Manolo Ruís.

Así que xa sabedes: volvede a mirar as películas de EMINEM, descarjade os discos de Oito Ferrados e Ribeira Enferma, vestide a camiseta juchi co loxo ben grande a jorra patrás e o peito inchado....con atitú, que non se diga.



Ó redor das **17:16** h, na plasa de Susocristo (atrio da igrexa), a Novena acolle por primeira vez na historia un evento nacional dedicado á música urbana, a **BATALLA DE PROMESAS**. Concurso plataforma que axuda a artistas a nivel nacional, local e espacial a dar o salto ó estrellato competindo entre eles con cancións propias. Unha especie de Operación Triunfo pero urbano, feito na

rúa, con cancións escritas polos partisipantes mentras viaxan no Arriba que pasa por Lestrove e se replantean cada desición que tomaron que os fixo chegar a ese momento. A máis elaborada lírica será resitada a capella (para los de la Puebla: Sin micrófono) nun alarde de musicalidá e sentimento crudo, con versos que din aljo así como:

*La barra de pan rota, Metáfora de la vida
Cuesta arriba, Mira niña
No veo la salida, Mi corazón pegado con saliva
A ti te falta calle a mí me sobran rimas
Esperando en el andén, Pasa la vida, pasa el tren*

Esta iniciativa tén o seu aquel social, porque che quitan de andar delinquindo na rúa, sonas nos 40 principais e acabas salindo no Néflis jrasias a unha cansión que traías aprendida e ensaiada da casa.

Orjanisan: BDP Batalla De Promesas, CajaRía de Arousa, Candorcas, Cabuxos de Mar, SiSarja me Lirio, Tocando Fondo.



Ás **22:57** (unha hora menos en Valensa do Miño) concerto no **ROCK AND DORNA** de **COCCO LEXXA**. Unha boa rasiñ de ritmos a golpe de sintetizador para ir entrando en calor antes da Batalla de Jallos. Música que lle justa á juventú, da que levan no Renól Méján de seus pais, chuleándose por diante do Samba ca L na luna datrás; da de bailar co braso en alto coma se, despois de rasurar o sobaco, che botasen medio litro de Varón Dandy en ves de cremiña Nivea. En definitiva, música ca que disfruta, jichar.....e se entende a chavalada.



Ás **23:58** no Patrona Estéich (Plasa da Ilesia) o **ROCK AND DORNA** presenta a **REALITY** para poñerte o peito en modo altavos emocional. O rapero de Carabanchel cheja coa súa intensidá marca da casa, ese flow descarnado que fixo viral “Por Si Muero Mañana” e que aquí vai soar máis forte que a aeróx do teu vesiño ás tres da mañá un martes.

PUNTO VIOLETA

Polos arredores do MALECÓN de 21:59 as 03:03, estará o **PUNTO VIOLETA**. Lujar de abrigo por se hai temporal... e por se aljún Cromañón sije pensando que esto é o Paleolítico e se esquece de como se habita en sosiedá.



Ás **00:31** terá lugar, un ano máis, a **BATALLA DOS JALLOS DORNEIROS**. Atrás quedaron as épocas de rapear a vos viva no parking de Coroso, ou nun essenario cativo en Bandourrió. Este é un dos eventos máis antisipados do ano por parte da juventú que non sabe o que é unha peseta, que non saben nincunha cansión de Chayanne, ou que nunca usaron un teléfono fijo. Neste evento, os participantes de cada peña prosederán a proferirse todo tipo de calumnias, improprios, vejasiñs e aloumiñs (sempre sen faltar ao respecto ás pobres nais, que pouca culpa teñen), intentando rimar e estruturar líricas en rijuroso directo máis improvisado que a proqramasiñ cultural da Novena. Se non vos justa o rap nin o estilo anderjráun, tamén podedes asistir para ver ás peñas acusarse mutuamente de tongo e faser que o Malecón pareasa Los Ángeles en 1991 despois da palisa a Rodney King.



XOVES

23

*Día adicado a **tódolos establecementos** que, malia non ser festivo local, botarán o peche o 24 de Xullo para irse a desfrutar da nosa Festa, porque a Dorna non é nin duns nin doutros, sinon de todo aquel que a queira faser súa (aínda que seas da Puebla ou do PBB!). Trasias polo voso apoio, pola vosa resiliencia e por non fallar nunca, nin sequera cando hai que escoller entre caixa ou sentimento.*

Ás **11:01** da mañá hora local, polas rúas da Novena terá lugar o **VII MARATASÓN INFANTIL** onde a canteira oficial da Festa da Dorna será sometida a unhas probas inútiles para calquera mente racional, pero estritamente obliatorias para converterse nun futuro Dorneiro de PróTM.

Esta serie de probas estarán deseñadas para levar aos máis pequenos aos tempos onde se xojaba de verdá en parques co chan de javilla, desa que cando caías que fasía un lanse nas rodillas, onde os balóns Mikasa rompían dentes de leite, e onde os cumpleaños se celebraban na Ludoteca baixo un réxime de semilibertá que nada lle tiña que envidiar a Juantánamo.

Nais e Pais primerisos, evitade poñerlle roupa nova as criaturas que isto non é o Nasareno e van vir feitos unha cañeira, que nin o Norit nin o xabón Lajarto van poder sacar de enriba as manchas.

Orjanisan: Nécoramantes

Se eres dos que afilan os dentes cunha radial, lavas o pelo con disolvente epoxi ou quitas os callos dos pés co cuchillo da nosilla..... esta é a tua competisión.

Ás **16:06** arranca o **MARATASÓN DORNEIRO**, o evento no que as fanequeiras autorizadas e o público alí presente serán testijos dun desplieje de habilidá e desverjónsa por parte dos partisipantes, nunha serie de desafíos físicos e intelectuales como identificar ó compañeiro polo cheiro do sobaco, comer un Dalky con tabasco, pintar un círculo ajarrando o lapis entre as cachas, depilarlle unha perna a mordiscos a aljun dos do equipo ou montar un cuasi indessifrable pusle de catro pesas mentras resitas a alineación do Deportivo que janou a Lija naquel ano.

Todo esto sabendo que a condición atlética será claramente secundaria fronte á habilidade para sobrevivir a unha úlsura de estómago. Atrás quedaron os tempos nos que o maratason era unha proba de velocidade. Agora podes ir dunha fanequeira a outra camiñando e falando ca xente da túa peña, respetando amablemente a normativa vixente de circulación vial.

Saída dende o CÚPULA.

Orjanisan: Tocando Fondo

Paralelamente, nos soportales da caixa de aforros polo lado da peatonal, terá lugar o **MERCADILLO SOLIDARIO DORNEIRO**, onde diversas asosiasións expoñerán os seus millores produtos ca intensión, obviamente, de vendelos para apoiar as boas causas que representan. Chaveiros, carteiras, pósters, pendientes, bonos do estado, enajuas, risóns, walkmans, pantalóns de pana... nunca sabes o que vas atopar, pero polo menos sabes que os cartos van ir parar a un sitio mellor que o teu bolsillo sudado co tique de Novedades Matucha que te nejas a tirar.



Ás **22:31** h en rijuroso directo no Palco de Pedra Estéich (para os nasidos despois do 2007: no Malecón), terá lugar o evento dorneiro por antonomasia: O **EXAME DE PATRÓNS**. Os patróns e patronas das novas peñas que queiran pasar a formar parte da festa máis rachada do mundo terán que subir ao es-senario a demostrar que reúnen os requisitos nesesarios e impressindibiles para liderar unha peña dorneira, entre os cales se atopan:

- Non ser da Puebla (ou alternativamente, levar máis de 10 anos empadroadado/a en Ribeira e renunsiar voluntariamente a calquera vínculo coa Puebla)
- Saber nombrar e ubicar correctamente as partes da ameixa
- Conoser os nomes e tipoloxía das dornas da Real e Ilustre Cofradía da Dorna
- Saber quen matou a Viriato Pastor Lusitano
- Saber o himno dorneiro na súa totalidá, incluíndo solfeo do estribillo
- Levar un soborno adecuado para o Xurado Dorneiro

Estes requisitos serán postos a proba e xusjados polo incuestionable Xurado Dorneiro, conformado por seres desarrollados nun laboratorio de experimentación xenética, os cales foron expresamente formulados para contar cun coeficiente intelectual de 179 puntos, un nivel C2 de retranca e un absoluto despresio pola mediocridá e as modas pasaxeiras coma os pantalóns pitillo, o té matcha ou o PBBI.

O Excmo. Señor Presidente será o encarjado de ditar sentensia e desidir a aseptación ou o rexeitamento da candidatura de cada peña, lojo de que o incorruptible Xurado Dorneiro emita o seu veredito.



00:16 h. Música de moitos kilates no **ROCK AND DORNA** a carjo de **DAKIDARRÍA**

Chejan dalá da parte de Nijrán, e as malas lencuas din que veñen a nado para non ter que pasar pola Puebla. Intentamos explicarlles que existen os barcos, pero bastante teñen con non saber diferensiar entre ver e mirar.

Ríos de desibelios, a jolpe de uñasno no baixo, jitarasos varios, batería a ritmo 127 con carburador de dobre corpo, chicle de altas modificado e letras que xa deberías conoser que levan tocando 20 anos as mesmas cansións e xa viñeron á Novena en dousmildesanove.

VENRES
24

*Día adicado a **Mariola Sampedro**, alcaldesa non electa da Novena e autodenominada Maior Dorneira do Mundo Arrebatado (MDMA). Arrebatado, coma o festivo local que usou como moeda de cambio para chejar á alcaldía (Judas polo menos pediu 30 e non solo unha). Esperamos que na prosesión do Carme de Ajiño encontre o sentido da vida. Pola nosa parte, non lle podemos retirar nincún título porque nunca foi unha Dorneira de Pró.*

DÍA DA DORNA

~~**FESTIVO LOCAL**~~

As **11:43** Un ano mais a explanada do Malecón (si eres da puebla: Malecón avenue de Ribeira) acolle a jran e increíble **Exposición de Embarcacións Feitas á Machada e propulsadas a pan de millo** participantes no **XXXVI Jran Premio Cutre Shark**. Últimos retoques de pínxel e sintaislante, perfórmans a nivel de Hollywood, sobornos, e un sin fin de estratexias para deleitar ao público e ó xurado cas máis sinxulares naves acuáticas construídas, e intentando demostrar o nivel de enxeñaría náutica da peña, divajando sobre a flotabilidade, estabilidade, propulsión, capasidá de pasaxeros e incluso “capasidá de carja” das embarcacións.

O que a día de hoxe se conose como frontear de embarcación (para os nasidos antes dos 2000: maneira que os rapases de hoxe en día chaman o que se chamou sempre fardar de embarcación).

11:59 LXXVIII BADALADAS faranche a acordante de que levantes o cú da cama, te duches lle des a volta ao calsonsillo e vais disfrutar do último día da mellor festa do mundo.

13:03 Sarparán as tripulación coas suas embarcacións dende o Malecón en santa prosesión marítimo-terrestre, rumbo á sajrada area de Coroso, acompañadas polos acordos da charanja **Santa Compañía**, encarjada de marcar o paso desta jloriosa crusada dorneira.

Aproveitando a peregrinación, resa 3 Padre Nuestrs, 4 Ave Marias e confía en que a sinta de dobre cara e a espuma de poliuretano que usastes na embarcación ajuante todo o traxecto e non che deixen tirado á altura do Quillo antes de tocar tan siquera ajua.

Leva jorra para o sol e aljo de beber, non che vaia dar un unha insolación polo camiño e teñamos que chamar a teus pais para que che veñan a buscar.



14:49:02 XXXVI REJATA CUTRE SHARK DE EMBARCASIÓNS FEITAS Á MACHADA E PROPULSADAS A PAN DE MILLO.

Obras de arte e enxeñaría industrial, civil e máis das outras surcarán un anaco (o que poidan, total a mais rápida xa sabemos cal vai ser) da Copacabana de Jalisia (a famosa praia de Coroso, de bandeira azul coma a ajua e area fina coma a do deserto). Prepárate para ver como o Titanic afunde ó lado dunha javiota mais jrande ca el, a

loita por manterse enriba da embarcación mentras resbala o papel maché e solo queda o polispán ou como un barco pirata encañona a un corsario (aquí deixamos “rienda suelta” á imaxinación de cada un). Recordamos a toda persoa implicada e asistente que no noso sajrado mar non debe quedar nin unha insignificante mácula de residuo, e que os restos mortais de cada embarcación deben ser depositados no contenedor que estará habilitado nas inmediacións. Non a armedes que despois ven o Seprona e quedamos sen festa.

Orjanisan: Os Pintos Joden Quintos, Lenjuados Embriajados, DeRape Mental, Polvos do Vilar, Os Corsarios do Barbansa, Mala Nécora, Tocando Fondo, Tabeiróns Carallud@s.

Tanto para volver a coller foljos despois da jran rejata de Embarcacións, como para ir abrindo boca antes de comer os diversos menús que prepararon as vosas peñas, a eso das **15:03** poderedes deleitarvos en exclusiva diante do Sentro de Deportes de Raqueta (o archiconosido polideportivo de Coroso) cunha espectacular **dejustasión** de clo cló (Jodechinchos: Gratis. Para los de la Puebla: 0,50€ por piesa) **de Lirio de Ribeira**, produto local, espesial e único da nosa ría.

A continuación o que nos mandan poñer por motivos de sejuridá nasional e interprovincial:

Degustación gratuita con pescado de la OPP83 Sociedad Callega Cooperativa del Mar Santa Eugenia, organizada con la financiación de la Xunta de Galicia y el FEMPA.

Orjanisan: Lirio de Ribeira (non é unha peña, é unha institución ou aljo así).



15:26 ROMERÍA DORNEIRA, no Coroso Picnic Area, despois de surcar os mares a lombos de Moby Dick (que tamén sería un jran nome para un actor X co peinado do presidente emérito), toca repoñer foras ca tortilla, churrasco, callos ou o que faja a vosa peña ou ben asercarse a repoñer foras á barra dorneira (aínda que as dúas opcións non son excluíntes), onde aparte de bebidas isotónicas, isoxónicas ou isocorintias, tamén haberá aljo de comer, prinsipalmente con base de hidratos de carbono (xa vos explicará o chaval de Tirada Larja nas súas redes sociais).

Tanto para disfrutar e rascar unha medalliña desta sinjladura como para disputarse os últimos puntiños da Copa da R.e.I cunha tensión de infarto, un ano mais poderemos disfrutar as **16:06** tanto no Metadona's parking coma no Merendero Coroso Arena Estadium dos injualables e inimitables **XOJOS DORNEIROS**.

Neymar Dorneiro (Lenjuados Embriajados)
Ola dorneira (Os petóns)
Necorasa (Mala Nécora)
Mus (Berberechos Asasinos)
Que che den polo curling (Arria o Jallo)
Malote's Party (Kajaboi Island)
Me cajo nos abdominales de CR (Kajaboi Island)
Equilibrin por min (Arria o Jallo)
As de gía (Masados coma Pulpos)
Carreira de flejes (Tocando Fondo)
Pony feirante (Quenlla dera)
Tiralle un juevo (Arria o Jallo)
Cartón-bol (Osea No)
Dalle ó Pau (Comando Dorneiro)
Boias (Non vexo a Boia)
Quieto todo el mundo (Palancre Española)
Jlori joll (As Luras andan Duras)

Orjanisan: Tocando Fondo.

Con jorro de pisina, aletas, jafas de busear, fardajuevos de leopardo, bikini, trikini, ou en topless, jrandes e pequenos, solos ou acompañados podeades disfrutar ás **16:18** h da fantástica **FESTA DA ESPUMA**, onde as inmediacións de Coroso parecerán durante un momento o río Ganges, e a xente aproveitará para venerar aos seus mortos (caeron redondos despois da comida coa peña), lavar a camiseta para o último día da festa e faser metaesculturas efímeras mediante unha dispersión coloidal de fase jas atrapada nunha matris continua líquida (Para los de la Puebla: hacer figuritas con la espuma).

Ubicación: En aljun lugar da praia de Coroso donde non se vexa afectada a pillara das dunas nin se interrompa a sesta rejlamentaria dos Dorneiros de Pró.*

18:36 Si eres dos que contas cos dedos e che faltan mans, si sacastes jarantía social á terseira copiandolle a un da Puebla ou fostes alumno de Ventoso, quere disir que cumples co perfil que nesecita a túa peña para partisipar no **CAMPIONATO MUNDIAL DE CHINCHIMONEI**. Considerado deporte nasional ofisial da Sentenaria Siudá de Ribeira, esta dissiplina será xojo de exhibición nos Xojos Olímpicos de 2032 de Brisbane, Australia.

Orjanisan coma sempre: Cajaboi Island

Ás **19:13** (UTC+2), un grupo operativo da Cofradía da Dorna desplegará nas inmediacións de Bandourríu un dispositivo emisor de feromonas, xunto cun aparello que dará golpes no chan, enviando pulsos ultrasónicos e electromagnéticos en todas direccións. A xente dorneira sentirá esta chamada para a cal teñen uns receptores especiais na sona de detrás das orellas, e sentirán unha atracción sobrenatural cara a sona de onde proseden as devanditas emisións, iniciando así a iran **CONCENTRACIÓN DA MAREA DORNEIRA.**



As **19:58** as autoridades competentes desalojarán e asejurarán a sona comanche de Bandourrí para dar lugar á consentración da Marea Dorneira previa ao **TOP SECRET**.

Ao máis puro estilo do Congreso dos Estados Unidos prosederase á
 desclasificación de secretos (con elementos sensurados), coma
 por exemplo *****

***** de Euros.

Támén se darán a coser as persoas da Novena que foron á isla de ***** e que cometeron ***** ***** ***** ***** ***** ** *****.

Si non estás dacordo ca sensura podes solisitalrle ao ***** * ***** Pleno do Ayuntamiento que publiquen a desclasificación completa sin sensura. Xa de paso, pídelles á ***** ** ***** ***** Mariola que nos devolva o festivo local porque si non imos poñernos ***** ** ***** *****.

PUNTO VIOLETA

E oitro día mais no Malecón, tedes a vosa disposición de 21:59h a 03:03h o PUNTO VIOLETA. Non deixes de acudir si tes alxunha insidensia, acabemos a Dorna traquila e esperemos non ter que deixar a alien nun exilio forzado na Illa de Rúa.



22:37 No **ROCK AND DORNA** cheja o desmadre vitaminado de **MUYAYO RIF**, preparados para deixarche o lijamento crusado en modo vibrador industrial de 390 kHz (Para os de letras: aljo que cada sejundo fai “trucutrú” tresentas noventa mil veses. Para los de la puebla “rápido que te defecas”).

Veñen dende terras onde o sol peja tan forte que ata as sombras sudan, e traen unha mescla insendiaría de ska, mestisaxe e ritmos balcano-latinos (de verdá que eso existe, preguntámoslle ao Jujel) que che van poñer o serebro a dar voltas como un persebe nun llacusi.



XA DISPONÍBLE!

Lotaria de Nadal
N.º 75 023
 22-12-2026
 Son: 5 Euros



7 5 0 2 3

SETE
SINCO
SERO
DOUS
TRES

Detalles disponibles en: www.lotaria-nadal.com o en el teléfono 91 10 10 10

O portador do presente venoso, enxa a cantidade de 8€ (CATRO SUCOS) no número arriba indicado, para o sorteo extraordinario de Nadal que se celebrará os días 22 e 23 de decembro de 2026. Así mesmo, pola cantidade de 1€ (UN SUCO), o número do papelleta que venoso cunha 6 cifras que se sorteará o día 22 de decembro de 2026 será premiado cunha sudadera da UNIVIX Senjandra domstora.

**LOTARÍA OFICIAL DA R.E. COPIAADA DA GUERNA
 USTIA L'ESTATUT D'AL: GUERNA BARRICADO**

TES QUE PAJAR
5€

À venda em Loterías Valeiras e nos postos de merchandaisin dorneiro

Ás **00:02** entre moitos aplausos, asubíos, abucheos e tongos, prosederase a faser a **ENTREJA DOS TROFEOS DORNEIROS**, e como non, da tan presiada, ansiada e anhelada Copa da R.e.I, da cal se pode disir que está catalogada como o trofeo mais importante de toda a comarca.

Aproveitade o momento para ver aos Corsarios, Backstreetbois, Tocando Fondo, Pintos e demais peñas competitivas chorar da rabia, da alejría ou proferir toda serie de impropiedades que demostren a súa frustración por non saír as cousas como querían.

Non nos veñades con miniñadas nin historias, que non deixa de ser todo un xogo e sobre todo unha festa, e si tedes que arrexlar algo e sodes uns malotes, deixádeo para a semana das festas de Ajosto, e sitádesvos alí nos coches de choque, ou mesmo empesades a currar mañán na carrilana e máis o voo sen motor do ano que vén.

Noraboa ás peñas ajrasiadas con trofeos. Desfrutade deles, e que saibades que si janastedes algo é porque o meresedes, e porque sin vós esta festa non sería posible.



CONCERTO

01:13 CONSIERTASO no **ROCK AND DORNA** de **LAMATUMBÁ** para darlle fin a esta LXXVIII Sinjladura.

Unha aleasión de ska, folk, rock e demais sustansias musicales que che reativarán a testosterona, melanina, flora e fauna intestinal, bilirrubina e potasio despois de tantos días de sinjladura e de desjaste hepático-cognitivo.

Unha descarga de enerxía para acabar a noite como se merese..... chorando e abrasando ás túas amizades porque a túa verdadeira personalidade só se entende durante a Dorna. E non pasa nada, moitos estamos nas mesmas e temos que ajuantarnos.




ARRIADA DE PAÑOLETA

Ás **02:22** Cas lágrimas nos ollos e a **pañoleta na man**, unha ano máis esto chejou ó seu fin. Salta, jrita, e baila o himno Dorneiro con esa persoa especial, camarada, amiño, animal, bicho, ou peñeiro aleatorio que te encontres ó teu lado.

O importante é desfrutar, chorar e abrasarse, e pensar con optimismo que tan solo quedan 357 días para que volva a empesar a mellor festa do mundo, e que a sejinte é a nosa, e que desta ves si que janamos a copa.



20Rn@78xjP:43 será a hora crítica, o momento determinante. Cheja o **ASALTO ÁS FANEQUEIRAS**, onde a Marea Dorneira se volcará en acto de solidariedá e altruismo botando o risón nas Fanequeiras Autorisadas para arramblar con todo o stock de brebaxe en estado líquido e contribuír así á economía circular do sistema Bares - Urbaser - Kebab.



38:81 Eeeeeeu traaaaaio un cantaaaaar Miiiiiudiño Miiiiiudiñoooo....

zzzzzz h: mmxxvi min 264221 s que fas aínda aquí? Ti non tes casa ou que? Xa saleu o Sol vesiño, vai durmila oh que espantas aos jodechinhos que saíron a pasear ao can. O Cúpula xa pechou fai unhas horas e ti estás aquí a dar verjonsa.



AREHUCAS

VIERNES
21
AJOSTO

BAILE DE JALA



SENA DE JALA

Un ciclo lunar despois do Día da Dorna, ás **21:32** no **BAIUCA** terá lugar a **SENA DE JALA DORNEIRA**, onde as máis distinguidas personalidades da Novena farán acto de aparencia lusindo os modelitos máis punteiros no mundo da Haute Couture que farán que os vestidos da MET Gala parezan uns farrapos desde que se venden a dieh euro señora restos de comercio os sábados ao mediodía no relleno do muelle.

O menú cas diferentes viandas estará dispoñible para consultar nas redes sociais da Real e Ilustre, ou tamén se pode solisitar mediante fax ou paloma mensaxeira.

BAILE DE JALA

Ás **00:08** co bandullo cheo e o sinturón desabrochado darase paso ao **BAILE DE JALA DORNEIRO**, onde se selebrará unha das tradicións máis lonxevas de Ribeira, fasendo competencia a tirar a tella en San Alberto, discutir sobre se as dunas son de Olveira ou de Corrubedo, ou realizar sesións nocturnas de aeróbic en parella no Monte da Sidá (a tilde é moi importante neste caso). Recordamos que para este evento existe un estrito código de vestimenta White Tie (corbata branca para os da LOGSE). Así mesmo, o uso de monóculos ou anteollos suxeitos mediante unha varilla está estritamente prohibido ao ser considerados accesorios subversivos que poden faser que a persoa que os leve sexa confundida con unha da Puebla.

| L - : GOM |

AGRADECIMENTOS

HOSTELERÍA

Ventos Velloso
El Golimbreo
Kebab La Estambul
Penin
Esmorga
Vifer
Bulebar
A Recoveira
Tasca O Peirao
Area café
A Bodega
Beizos
Botter
A Rúa
Galeón
Bar O Malecón
A Cuba
A taberna de Lucía

A Pequena
Albatros
El Cubano
Nordeste
Capitán Morgan
Otear
Ídolos
Échale Huevos
A de Maris
Aloha
Chiringuito Pedra Pateira
Clandestino
A Caseira
Enigma
Retablo
Brétana
O da Rubia
Bar O Porto

Bar 14
Desván
Taberna Horse Luis
La Central
Tasca do Barbanza
Cocoluche
Botavara
Kukúa
Samba
O Delas
ZumZum
Brasería Cabaña
D'Vicio
Cúpula
Ceos
Flip
Restaurante El Gourmet Aljón
O Xardín

Tallante
Chiringuito O Rebaldo
A de Chafa
O Bodegón
Bar A Illa
Bar O Facho
Bar Bahía
La Tana
A Fiesta
Porción 2.0
Bar Snack
Bar Baluarte
A de Baldomero
Casa do Mar de Palmeira
Entrepan
Garsan
MCDONALD'S
Matadero

Baiuca
Reviravolta Cafe Vistro
Baloqueiro
Casa Vilas
Chiringuito Area Secada
Chiringuito Almare
A Fonte
Chiringuito Bar La Playa
Castelao
Bar o paseo
Tio pepe
Cantina do náutico
Restaurante náutico
O Antoxo
Quillo
Fontao

COMERCIO

Maricola
Academia sapiens
Cosmos
Libros Ruiz
Farmacia Ruiz
Doctor Crujeiras
Pillados
Juan Folgar
Fisioterapia Marta
Covelo
Meijide centro medico
Riveira
Xuncos
Opticalia
Folder
Servipal
Talleres David
Estanco de Lourdes
Pancomido
Mandrágora
Bloambiental
Forno de Artes
Recambios Ochoa
Hermanos Casais
Muebles Santiago Vidal
Limpiezas Chus
Max China
Coymar
Lijó Iluminación
Alvarez Riveira
Grupo Dunas
Serdeco
Tanatorio do Barbanza
Neumáticos Lajareu
Jalma Oin
Rincón del descanso
Kibu Talleres
A poutada
García Santos abogados
Pequenos melenudos
Space Park
Lotus Wash
Avanti
Ferralla Fermaco
Mimarte
Floristería Elena
A despensa de María
Optica Ribeira
Heladería Cactus
Peixes Franmar
Carnicería Manuel Dios
Carnicería/Charcutería
Carlos y Susana
Calzados Horacio
A Froitería
Llora Studio
Floristería
Estanco Pitcher
Ecotex
O capricho
Papalarpadas
O greco
Eco Bazar
Xade
Ondas
Muchas

Audinnova
Marquey Beauty salón
Óptica/Joyería Blanco
La urbana store
Farmacia Villamil Reigosa
Florentino
Máis trukos peluquería
estética
Carnicería Maruja
Eugenia González clínica
dental
Clínica Edapé
Abarrotes Marta
Farmacia Inmaculada Cruces
Libería Máster
Os nenos
Milenium
Dossil e Gago asesor
Podium
Cyber online
Daga Sport
Peluquería Tina
Voilà
Tenda de Pacucha
Galana
ADI pegadoxia
Auto-Guia
Peluquería Nely Sandez
Lelea Logopedia
Paulino Fisioterapia
Peluquería Cabanelas
Tadysé Asesores
Lavocal
Logopeda Silvia Alvarez
Fábrica de ideas
Triñanes
Tirada Larga Nutricion
Academia Erea
Manu Millan
Qbit
Flex ribeira
Stilo y Moda
Talleres Anser Sport
Sport Bike
Electronica Lois
Ribeira dental
Efectos Navales Viuda de
Gomez
Hostal Las Carolinas
Dallepedal-Zerna
Lavamac
El almacén infinito
China Mark
En Moto
MRW
Peluquería Chus Abelleira
Inmobiliaria Beiramar
Estética Josefa Sampedro
A Despensa de Blanco
Juan Pego
Tanatorio Los Dolores
Autovidrio
Dia
Ferretería Mariño
Oftalmólogo Parafita
Vinoteca de Tucho

Atlantic Motor
Podología Rivas
Cepsa
Servimar
Panadería Charlin
Asesoría Beny García
Galp
Fogar Barbanza
Gimnasio Cardalda
Lesmes
Ferretería Melchor
Tandem Albore
Peluquería Model
Natural Sport
Blanco y Parada Asesores
Espacio de Belleza
Candy-Var Party
Neoprint
Academia Ability
Self Psicología-lago Torres
Eco Sport
Peluquería Raices
Lampón Lampón Abogados
Fran Rojas Nutrición
Vending Low Cost Rureiro
Vending Low Cost Rodriguez
Bautista
Talleres Los Amigos
Inmobiliaria Rias Baixas
La Zurda Tattoo
Musieventos
Alia Deportes
Punta Couso
Citova
Grupo Envimar
Electro Naval Perfecto
Lonxa de Ribeira
Pescados Moncho - Portosin Fiss
Da Lonxa ao Prato
Pescados Hermanos Lijó
Admin de Lotería nº2
Estevez Black
Eclipse
Ingeniería Jorpa
Miguel de Xan Abogado
Típsa
Centro de Ioga Centro Oito
Vilas es mar
Elite Fitness
Seguros Mosquera Barbanza
Elite Uñas y Belleza
Panadería Lúa
Hermanos Barral
Vendeduría Pescados Majo
Punto y Koma
Spar Express
Bel Belleza
Xardín Ventureiro
Digar
RB Deseños
Miradoiro Ópticos
Suministros Navales Santa Uxia
Madelo Peluquería
Nácar by Sara Sevilla
Reale
Policlínica El Carmen

Generali
Luckia
Don Karamelo
Joyería Nespereira
Pastelería Fina
Veterinaria
Gestoría Administrativa
González Suárez
Loterías Valeiras
Daniel Martínez Ingeniero
Forestal
Espazo Aberto
IGSA Asesores
Gala Estudio Dental
Academia Mati
Fe seguros
Sampedro Dominguez
Asesores
Omega Consultores
Enxa Asesores
Farmacia O Malecón
Mil galletas decoradas
Crujeiras Asesores
Cristalería Otero
Academia Yara
Sanyg Artes Gráficas
Pops Rock School
A tenda de Maruxa. CBD Shop
Trazos
Peluquería Lucía Unisex
A Fiandeira do Rureiro
Savir Complementos
Arr@ Informática
Chaira
Caandera O Muíño
Paamaño y Padrón
Odontólogos
O taller da avoa
Administración de Loterías N°2
Don Glotón
Mi Electro - Electrodomésticos
Sampedro
María Martínez Fisioterapia
Olaya Brón Estilismo
Chisca Viajes
Marlem Kids
Airon Barber Studio
Viman Style
Inmobiliaria MyA
Cristalería Filgueira
Reina Lupa
Beta Interiorismo
Decorlux
Dani Lustres Studio
De Saúde
Tecnemoto
Automoción Eurocar
Comercial Pardal (Grupo Diaz)
Mejillones Trimar
Depi del
BYC Belleza Integral
Manuel Villarrey Peluqueros
Pescadería Borna
Carlota Sánchez Fisioterapia
Top Fit
Autoescuela Javier

Electrovidal e Hijos
Bea Ageitos Fisioterapia
Escuela Kempo Barbanza
Somoza Asesores (Servicom)
Clínica Dental Iván Vázquez
Innova
Estilismo Lola
Alba Caeiro
Krystaluz
Memory
Belasá Parafarmacia
Asesoría Francisco
Rodríguez
Halcón Viajes
Creative Conversation
Rincón Benzalá
Covering
Rovi
Viajes Fontao
Argos Galaica
Por amor al arte interiorismo
e decoración
Clínica Fisioterapia Vionta
Arqteco
Nume Espazo Creativo
Dominga
Clínica Veterinaria El Bosco
La Parra
Agasallo
Hanane Lashes
Trañiños
Podoloxía Santa Uxia
O Fogar do Pan
Samaín Tattoo Studio
Anacos
Electrodomésticos Vidalvaz
Autoescuela Miguel
Carnicería Miguel
Abogados Manuel Rodríguez
y Fernanda Álvarez
Drogueria Promogar
Nattes descanso
Atleet
Libería Nobel
Frutería Mercarbarbanza
Innove
MMACOE
Lencería Vensuca
Maana
Zapateria Cempés
Gude Regueira Asesores
Terra de Sanaria
Iberdrola
Flow Pilates
Rio Bravo Barbería
Carmen Arte floral
AB Peluquería y estética
Panadería María
Floristería Betty
Montajes Ramallo
Pedra do Norte
Móvil Galicia

Entre que somos bastante parbos e o maquetador é un inútil, é probable que nos olvidásemos de aljón.
Pedimos sinceras disculpas si estás/des entre os desafortunados. Podedes reclamar dentro de 2 anos.

NON SEXAS BOIA!



PISA O FRED PON O CHUVASQUEIRO